

REXISTRO DE COOPERANTES GALEGAS/OS NO EXTERIOR. Informe

Informe elaborado polo Instituto de Estudos Sociais e Internacionais, IESI para a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia

Setembro de 2010

Informe

LIMIAR

No Plan Anual 2010 da Cooperación Galega sinálase que durante o ano 2010 se procederá á elaboración dun **Rexistro de Cooperantes no Exterior**, co fin de ter un mellor coñecemento da realidade do sector, e así poder crear e afianzar unha rede de profesionais galegas/os que traballan neste ámbito.

Como antecedente a este traballo podemos indicar que con anterioridade, no ano 2007, a antiga Dirección Xeral de Cooperación Exterior fixo unha estimación das e dos galegas/os que traballaban no exterior en Cooperación Internacional naquel momento. Segundo os datos publicados, o número de galegas/os traballando nos países do Sur superaba a cifra de 600.¹

Se acudimos ao estudo feito pola Asociación Profesional de Cooperantes, a cifra en toda España, ascende a 1.500 persoas, sen ter os datos desagregados por Comunidades Autónomas e sen ter en conta as persoas pertencentes a ordes relixiosas.

Xa por último, na Guía das ONGD de Galicia 2009-2010, con datos pechados a 31 de decembro de 2009, a cifra que se extrae de persoas expatriadas pertencentes ás ONGD adscritas á Coordinadora Galega de ONGD, ascende a 47 galegas e galegos.²

Partindo destas premisas o **Instituto de Estudos Sociais e Internacionais, IESI**, propuxo un traballo que resposta ás necesidades expresadas pola DXRREE e UE e no resultado do cal se amosa unha panorámica real dunha das pezas máis importantes da Cooperación Galega como son os/as expatriadas/os que traballan no exterior.

1. Boletín Galicia Coopera. Nº0, outubro 2007. DXCE.

http://www.cooperaciongalega.org/documentos_ver.php?idArchivo=68


2. Guía das ONGD Galegas 2009/2010. Coordinadora Galega de ONGD, 2010.

<http://www.galiciasolidaria.org/descargar/archivos/docs/guia-das-ongd-de-galicia-2009-20101266411207.pdf>

OBXECTIVOS

Os dous obxectivos propostos no proxecto foron conseguidos na súa totalidade:

- > Ter uns datos fiables e actualizados sobre o conxunto de expatriadas/os galegas/os que desenvolven o seu traballo en países en vías de desenvolvemento.
- > A creación dunha aplicación Web que facilite a actualización periódica da base de datos obtida neste proxecto.



RESULTADOS


Os datos expresados a continuación están referenciados a día 30 de agosto de 2010. Nesta data na aplicación web están rexistrados **102 galegas/os** cooperantes no exterior.


Na aplicación informática non están introducidos as/os Misioneiros/os Galegas/os, xa que ao non ter datos persoais das/os mesmas/os tivemos que analízalos e traballalos de xeito diferente e separado. Como indicamos anteriormente o número de misioneiros/os que temos en conta á hora de amosar resultados é de 483.

Debido á descompensación cuantitativa entre cooperantes e misioneiros/os traballamos por separado as dúas categorías coa finalidade de ofrecer uns resultados axeitados. Aínda que a título puramente cuantitativo e informativo ofrecemos os datos globais neste primeiro apartado.


Cifras globais

	Cooperantes	Misioneiros/os	TOTAL
Datos Globais	102	483	585






	Cooperantes	Misioneiros/os
Homes	38	164
Mulleres	64	319



	Cooperantes	Misioneiras/os	TOTAL
África	27	70	97
Centroamérica e Caribe	27	76	103
América do Sur	24	322	346
Asia	10	14	24
Oceanía	0	1	1
Europa	14	0	14




Cooperantes

Información sobre a nosa Cooperación

1. Distribución xeográfica:


Por zonas xeográficas

África	27
Centroamérica e Caribe	27
América do Sur	24
Asia	10
Europa ³	14
TOTAL	102




3. As/os cooperantes que se atopan en España son persoas en expectativa de destino ou ben recién chegados do terreo con posibilidades dunha pronta misión.

Por países




2. Distribución por entidades nas que desenvolven o seu traballo

ONGD	49
AECID	15
Xunta de Galicia	15
Congregación relixiosa	4
Sistema de Nacións Unidas	7
Outras AAPP	1
Outras entidades	9
Unión Europea	2
TOTAL	102



3. Distribución das/os cooperantes galegas/os por tipo de proxecto no que desenvolven a súa actividade

Acción Humanitaria	8
Cooperación ao Desenvolvemento	88
Outros	5




Información sobre a nosa Cooperación

Deste xeito podemos facernos unha idea dos/as profesionais galegos/as e as súas características


1. Procedencia xeográfica dos/as nosos/as cooperantes:

Provincia de referencia	
Pontevedra	29
A Coruña	58
Lugo	9
Ourense	6





2. Distribución por entidades nas que desenvolven o seu traballo


Home	38
Muller	64



3. Distribución dos/as cooperantes por edades



4. Tamén é importante coñecer o grado de experiencia dos/as nosos/as profesionais. Por iso, fixemos unha distribución segundo os anos de experiencia de cada un/unha




Misioneiras/os

1. Por Diócese de procedencia

Dióceses	Misioneiros/as
Santiago	150
Lugo	49
Ourense	210
Tui-Vigo	53
Mondoñedo-Ferrol	21
TOTAL	483


Misioneiros/as



2. Por zona xeográfica de traballo



Zonas Xeográficas	Misioneiros/as
Europa	0
Asia	14
África	70
Sudamérica	322
Centroamérica	76
Oceanía	1
TOTAL	483

Misioneiros/as



3. Por sexo

Homes	164
Mulleres	319



RESUMO

Perfil tipo da/o Cooperante Galega/o:

- > Muller (63%)
- > Entre 25-35 anos (67%)
- > Residente na provincia de A Coruña (57%)
- > Traballando en América: Centroamérica, Caribe e Sudamérica (50%)
- > Cunha experiencia de entre 2 e 5 anos no terreo (43%)
- > Traballando en proxectos de Cooperación ao Desenvolvemento (87%)
- > Pertencente a unha ONGD (48%)

Perfil tipo do Misioneiro/a Galega/o⁴

- > Muller (63%)
- > Pertencente a Diocese de Ourense (43%)
- > Traballando en Sudamérica (63%)

4. O perfil da/o misioneira/o é escaso de información, xa que os datos que manexamos son moi pouco reveladores.

